

Sen ter transado nin unha soa vez nos seus dez anos de existencia, ‘Galiza chora o seu mellor semental’, con máis de vinte mil ‘fillas’ rexistradas en todo o Estado. E mentres isto acontece na prensa oficialista, o contradiscurso de Teresa Moure describe o feito de ter violado ao lobo feroz. Mario Xacobeo superaba a tonelada de peso, Teresa, malia que estea mal manifestalo en público, pouco pasará dos cincuenta quilos. A maiores, a súa recente escolla lingüística, moi posiblemente, reduza esoutro, o peso específico dentro das fronteiras minifundistas do país, expresado como relación entre o produto da masa coa aceleración gravitacional entre o volume, este último como metáfora da vaga expansiva da súa mensaxe. Unha vez máis, as vinte mil vítimas de Mario Xacobeo, son as voceiras da mensaxe reaccionaria, mentres a fazaña nada desprezable de Teresa, loita por facerse un oco no subconsciente dunha minoría, eclipsado tamén polo exceso do eu protagonista e o que semella unha mensaxe aprendida de novo, que afrouxa eclipsada por ese mesmo ego. Con todo, debemos agradecer a morte dun dos grandes galegos ilustres, Mario Xacobeo, a altura dun fecundo Xeneralísimo, que deixou a prole atada e ben atada a unha, ben coñecida, situación de privilexio, porén, a súa gloria nos persiga eternamente.

Alén dos excesos do Mario, Teresa reivindica unha sexualidade activa, moi afastada do laboratorio xenético que resalta o valor numérico como resultado incuestionable, excluindo outros valores posibles, que terían feito do Mario un individuo peor considerado pola cultura oficial, pero máis lonxevo e feliz. Falamos dunha sexualidade tratada xa, dende uns termos semellantes, por poetas, como no caso de Verónica Martínez e o seu *Lusocuria*, cun peso específico que suman de boa gana á vaga expansiva que ridiculizou, dende tempo atrás, ese lobo feroz ao que Teresa anuncia ter dominado cun golpe mestre. Unha sexualidade que afasta o feminino da mazá primeira e do seu pecado, nun gozo que racha os elos dos pulsos, como esposas cinguidas ao incommensurable falo da política governamental e o persistente calo nos pés da malta que camiña.

Mais, eis o que resta a Mario Xacobeo, vivir a súa fama dende matadoiro ou alimentando algún bandullo privilexiado, de quen, por impotencia ou pouca autoestima, sinta a necesidade de recuperar os azos perdidos. Mentres que, dende a poesía, hai quen loita por defender o corpo dunha outra morte sexual inxusta.